

| Sr Alcalde, Sres Concelleiros e Concelleiras, compañeiros e compañeiras [galardoados](#), vigueses e viguesas distinguidos, veciños e veciñas de Vigo:

Síntome orgulloso de recibir este galardón. Con el quero render homenaxe a outros vigueses e viguesas que fan moitas cousas a cotío e non teñen a fortuna de ser propostos para recibilo.

Se de algo me sinto feliz é da miña profesión. De ser profesor de galego no IES Alexandre Bóveda de Coia. Cando me recoñecedes algún mérito por iso tamén estades recoñecendo a valía dos compañeiros e compañeiras que cada día procuran ensinarlles a ser persoas e instruír aos vigueses con entusiasmo.

Gústanme as actividades deportivas como unha forma máis de educar e de vivir sans e felices. Con este premio estades a recoñecer a través de min a todas aquelas persoas que traballan cada día polo deporte, coa finalidade de facer unha cidade orgullosa de si mesma. Persoas que, sen recibir nada a cambio, poñen moitas horas da súa vida para que os nenos e nenas desta cidade fagan actividades deportivas. Esas persoas tamén son vigueses distinguidos.

Dedico este recoñecemento aos que se comprometen a través do seu traballo con Vigo, dunha forma ou outra... no movemento empresarial, veciñal, deportivo, cultural, e participan na construción da nosa cidade día a día.

Especialmente, quero ofrecerlles este premio aos meus compañeiros e compañeiras de camiño nestes anos na Agrupación Deportiva Seis do Nadal-Coia, aos meus amigos e amigas e, sobre todo, á miña muller Ánxeles Iñarrea Álvarez que me deixou hai menos dun ano e que ten moito que ver nesta historia.

Tamén á memoria de meu avó, Xosé Piñeiro, membro do Consello local do P Galeguista no ano 36 en Vigo, entusiasmado por facer unha cidade e unha Galicia mellor. Bo veciño e mellor persoa, e ao que nunca se lle recoñeceron os seus méritos. El tamén tiña méritos para ser un vigués distinguido.

Creo na forza desta cidade e teño a esperanza de que entre todos, a pesar das diferenzas, teñamos sempre a capacidade de unírnos para que Vigo siga sendo a cidade puxante que sempre foi. Todos xuntos podemos logralo.

Moitísimas grazas.